


Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



# MEMORIA DA BIBLIOTECA ESCOLAR CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" CARIÑO



*CURSO 2020-2021*

## ÍNDICE

- 1.- GRAO DE CUMPLIMENTO DOS OBXETIVOS PROPOSTOS PARA O CURSO 2020-2021...**
- 2.- HORARIO ANUAL ASIGNADO.....**
- 3.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS.....**
  - 3.1 Xestión Técnica.....
  - 3.2 Formación de usuarios e usuarias.....
  - 3.3 Educación para a competencia en información.....
  - 3.4 Fomento da lectura.....
- 4.- GRAO DE IMPLICACIÓN DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA. USO QUE SE FAI DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....**
- 5.- GRAO DE ITEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NOS PROCESOS DE ENSINO E APRENDIZAXE DAS DIVERSAS ÁREAS DO CURRÍCULO.**
- 6.- ACTIVIDADES DE FORMACIÓN NO ÁMBITO DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**
- 7.- PRODUCCIÓN DE MATERIAIS.**
- 8.-AVALIACIÓN.**
  - 8.1. Alumnado
  - 8.2. Profesorado
- 9.- PROPOSTAS DE MELLORA**
- 10.- ANEXO I: DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR**
  - 10.1. DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES.
  - 10.2. SEMANA DE EXALTACIÓN DA MAZÁ DE CARIÑO.
  - 10.3. SEMANA DA CIENCIA NO LABORATORIO.
  - 10.4. DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO
  - 10.5. SEMANA DA PRENSA
  - 10.6. SEMANA DO LIBRO.
  - 10.7. MOCHILAS VIAXEIRAS E MALETA VIAXEIRA
  - 10.8. XORNAL ESCOLAR.
  - 10.9. ESPAZO WEB DA BIBLIOTECA.
  - 10.10. LUDOTECA.
  - 10.11. PRÉSTAMO DE DISPOSITIVOS DIXITAIS.
  - 10.12. OUTRAS ACTIVIDADES
- 11.- CONCUSIÓN**

## **1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS PARA O CURSO 2020/2021.**

A pesares de que este ano que está a piques de rematar as cousas foron tratadas dun xeito diferente, pretendese deixar claro que esperamos retomar a nosa forma de traballar o próximo curso, avanzando e sempre intentando mellorar para atraer ao mundo da biblioteca aos nosos pequenos e pequenas.

A nosa biblioteca, coma moitas bibliotecas dos centros educativos, no é un mero contedor de libros ou un simple lugar silencioso onde estudar ou ler, senón que seguemos a pretender que sexa o centro neuráxico, dende o cal dinamizamos a educación tendo en conta a diversidade e facendo partícipe ao alumnado, propoñendo proxectos e actividades non só na biblioteca, senón todo por todo o centro, utilizando para iso o plan de melloras das bibliotecas escolares., que nos axuda a nivel económico e formativo.

No noso centro o curso escolar sempre comeza cun tema que fai de fío condutor das propostas de todos os equipos docentes, e que será elixido entre todos e todas, o cal non significa que todas as accións realizadas na biblioteca estean directamente relacionadas con el.

As actividades vanse propoñendo segundo as celebracións, segundo intereses específicos de centros interese, colaboración con bibliotecas externas, como pode ser a do Concello, e por suposto, intercalándoas, cos intereses que os propios nenos e nenas van aprendendo nas aulas ou, tendo en conta suxestións que eles fan por propia iniciativa, sumando novas actividades ás xa existentes. Tratamos sempre de introducir novos elementos que nos axuden a facer amigos da biblioteca e que nos teñan sempre coma unha referencia, coma un lugar onde podan acudir sempre que o precisen e onde podan atopar o que desexan, a biblioteca sempre como centro de recursos. Ao longo do curso fanse diversas exposicións temáticas apoiadas por bibliografía relacionadas con elas. Tratamos de especializarnos no que as actividades e proxectos a desenvolver esixen, para involucrar ao máximo ao alumnado para que a biblioteca sexa un lugar de goce, utilizando para a adquisición de recursos necesarios as aportacións do propio Plambe. Inténtase sempre involucrar a toda a comunidade educativa aproveitando sempre os recursos materiais e humanos dos que dispoñemos.

Sempre intentamos reforzar o simple pracer pola lectura, comprando contos novos e atractivos, deixándonos aconsellar e desfacéndonos de exemplares que estean deteriorados ou que sexan moi antigos ou pouco atractivos para o noso tipo de alumnado.

afondar no acercamento ao respecto.

En definitiva, a nosa biblioteca é un espazo de relación, participación, de comunicación, de aprendizaxe, de busca de información tanto en materiais impresos como en materiais



realizados en outro soporte, desde onde emanen actividades dirixidas a todos/as, cas que gocemos todos/as.

## REXISTRO DE LIBROS

### CLAVES

- Tres primeiras letras do nome ou apelido do autor
- Tres primeiras letras do título do libro
- Cores pegatinas: **Azul:** Pre- lectores
- Vermello:** Primeiros lectores( 6-8 anos )
- Verde:** Lectores autónomos ( 9-11 anos )

Sabemos, desde fai algún tempo que debemos tomar conciencia de que toca facer cambios na nosa biblioteca para facilitar o achegamento dos libros ao alumnado e pretendendo dirixilos e aconsellos. Debemos facer cambio nos espazos, os rótulos das etiquetas e incluso na pegatinas orientativas. Comezamos a facer unha reorganización de espazos con rótulos que lles axude a chegar a onde queren ou precisen. E un traballo que está a levar moito tempo e non sabemos o que se vai a prolongar. Sería bo telo rematado canto antes, pero iso non será posible debido a falta de horario de dedicación a biblioteca por parte do equipo de biblioteca, que a pesares a haber vontade de facer o traballo, tradúcese nunha falta de tempo por parte dos membro do mesmo.



- Así sinalamos as zonas a onde deben acudir para escoller lecturas axeitadas as súas idades.



- Estamos comezando a cambiar os rótulos das distintas sección da nosa biblioteca co fin de facilitar o acceso a onde queren chegar os /as usuarios/as , para facerllos máis doado e atractivo.



O profesorado do Centro, coma todos os anos, tivo presente o **Proxecto Lector** no momento de elaborar as súas programacións así mesmo na elaboración do Plan Anual de Lectura. Desde fai uns anos “**a hora de ler**” forma parte do noso día a día, deste xeito o alumnado dedica  **vinte minutos** diarios da súa xornada escolar á lectura, elixindo as lectura que máis lles motivas ou , por outro lado, len aquelas lecturas pertencentes ao itinerario lector, onde a clase enteira goza dun mesmo título, lendo en voz alta ou de xeito silencioso. Isto da pé a realizar comentarios e visión diferentes dunha mesmo libro, así como a incrementar a velocidade lectora, a mellorar a entoación,... . Considerámolo o previo aos clubs de lectura que temos en mente facer.

Este ano, dada a situación tan especial e con tantas restricións, o equipo de biblioteca veu a necesidade de enfocarse na compra de novos títulos libros para incluír no itinerario lector, vendo a si mesmo a necesidade de retirar outros que quedaron desfasados en canto a temática, gramática, ortografía,... .

Neste curso 2020/2021 as lecturas pertencentes ao **Itinerario Lector** que fixeron os distintos niveis son as seguintes:

### 1º EP

- “Bigote blanco- Bigote negro” de Carmen Morales

### 2º A EP

- “Jugar a pensar con Cuentos” de Puig
- “O autobús da selva” de Manuel Uhía
- “Los zorros del norte de Ricardo Gómez
- “El guardián de senderos” de Concha López Narvaez e Carmelo Salmerón

### 2º B EP

- “O autobús da selva” de Manuel Uhía
- “Los zorros del norte de Ricardo Gómez
- “Catro amigos pillabáns” de Ramón Caride

### 3º EP

- “A escola de piratas” de Agustín Fernández Paz

### 4º EP

- “No corazón do bosque “ de Agustín Fernández Paz



- “Los zorros del norte” de Ricardo Gómez
- “Casas” de Paula carballeira
- “Quoka Mokka” de María Soler
- “El espejo Mágico” de Jordi Sierra
- “A escola de piratas” de Agustín Fernández Paz
- “El fantasma del colegio” de Manuel Lourenzo González

### 5º B EP

- “Casas “ de Paula Carballeira

### 6º A EP


- “Vampira de biblioteca” de Leticia Costas
- “Escarlatina, a cociñeira defunta” de Leticia Costas

## 2.- HORARIO ANUAL ASIGNADO.

Durante o curso 2020-2021 o equipo de biblioteca estivo formado por seis membros:

- María Teresa Piñeiro Giz (Mestra titora de 3º de Educación Infantil)
- Eugenia Piñeiro Abella ( Mestra titora de 2º de EP)
- Manuel Salgueiro Fernández, (Mestre especialista en Educación Relixiosa).
- Cathy Eiroa (Mestra especialista en AL).
- Raquel (Mestra titora de 6º de EI)
- Pilar Lorenzo Gómez, (Mestra titora de 4ºA e coordinadora do equipo de apoio á biblioteca).

Este ano, baixo unhas normas publicadas ao comezo do curso académico presente, os titores puideron acudir á biblioteca co seu alumnado, ben sexa para coller libros e levalos para ás clases, para levalos para as súas casas ou ben para gozar deles na biblioteca . As sesións xa non foron cinco como viña sendo antes do tempo da pandemia, senón que só se podía acudir á 1ª, á 3ª e á 5ª sesión tomando sempre as precaucións oportunas e deixando tempo de corentena para que a encargada volver a poñer os libros nos seus lugares.



Normas entregadas a cada una das titorías e publicadas tanto na porta da biblio como no descanso das escaleiras, lugar que temos asignado para as novas.

As reunións do Equipo de Biblioteca tiveron lugar moi de cando en cando como ven sucedendo xa en anos anteriores debido a outras cargas de reunións que se levan a cabo entre os docentes , (cursos, FFPP, reunións de ciclos, etc , Tutorías, Claustros, Consellos;...) que teñen lugar os martes pola tarde e dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia e dedicación ao centro. Volve a aparecer a imposibilidade dunha coordinación axeitada para que o peso do traballo recaia en todos os membros que compoñen o equipo de biblioteca, e poder ,así, realizar unha labor de "EQUIPO".

O tempo para a atención á biblioteca asignado á coordinadora, por primeira vez, foi de catro sesións, o que segue a resultar insuficiente e, máis sabendo que o resto dos membros do equipo non dispón de ningunha sesión non lectiva para poder estar na biblioteca. O traballo recae, como non podería ser doutro xeito dada a situación de dispoñibilidade, na coordinadora. Isto segue a supoñer unha mingua no desenvolvemento de actividades e na xestión da biblioteca. É imposible manter e levar o traballo como nos gustaría. Empregamos moitas horas fóra do horario lectivo para poder manter este espazo tan importante cun certo orde e cun certo rigor.

Horario da biblioteca:

Este curso a diferenza de como viña sendo antes, a biblioteca permaneceu aberta durante tres sesións lectivas. O alumnado debía ir acompañado dun mestre/a responsable, debendo cumprir estritamente as normas acordadas, pois o equipo de biblioteca, non está de máis volver a dicir, non ten capacidade horaria para afrontar as gardas.



Como se pode ver, co fin de cumprir co protocolo Covid, este curso, os/as titores/as só puideron acudir nalgunha das tres sesións nas que estaba permitido.

*Na porta da biblioteca , como viñamos facendo en cursos anteriores , colocamos cada mes un calendario onde os/as titores /as reservaron sesións na Biblio*

### 3.1. Xestión Técnica.

✚ Mantemento e mellora de espazos.

A nosa biblioteca conta con dous espazos comunicados, pero diferenciados. Un deles recolle exemplares para nenos e nenas de EI, no que da cabida tamén ao alumnado de 1º e 2º de EP e

o outro espazo está dedicado a todos os niveis de EP. Aínda que son espazos diferenciados non están estritamente separados, xa que compartimos e gozamos todos e todas en distintos momentos de ámbolos dous, incluso (non este ano) alumnos/as de idades moi diferentes compartindo actividades, enriquecendo así o resultado das mesmas. Da aí nace moita da riqueza dos encontros e das actividades conxuntas na biblio . O curso pasado iniciamos a creación dun novo espazo dentro da nosa biblioteca. Consequimos así realizar exposicións amplas, e actividades que precisan un maior espazo. Continuamos coa posición do mobiliario, despois de reflexionar sobre como poderíamos mellorar a disposición de espazos , de que hai moito material que non é axeitado para o noso alumnado, outro pouco motivador e obsoleto, pouco visible nalgún caso ata o segundo trimestre pero estamos a darnos conta igual que o curso pasado, visto que o resultado foi bo, e os materiais están accesibles para os máis pequenos




Zona onde se atopan os materiais par os máis pequenos/as.

- Nenos/as axudando a reorganizar os espazos. Queremos que o curso que ven eles/as tamén participen de todo este proceso de expurgo e recolocación.

Estes espazos seguen a darnos xogo para contar con eles de diferentes formas e para desenrolar distintos tipos de actividades. As dimensións da biblioteca son xenerosas, pero consideramos que nalgúns casos podemos e debemos aproveitálas mellor, polo que no último trimestre deste curso decidimos comezar unha nova andaina e quixémonos a traballar nun deseño con maiores e mellores posibilidades para o noso alumnado considerando as súas idades e características.




Seguiremos o vindeiro curso con esta ardua labor de creación de novos espazos, farémolo eliminando materiais que non nos parecen axeitados, creando outros novos que podan ser atractivos e necesarios. Tamén pensamos na posibilidade de poder comprar algún mobiliario novo, versátil e cómodo para realizar actividades como, por exemplo, os clubs de lectura que temos en mente. Así mesmo, vemos moi necesario a compra de mobiliario que sexa fácil de mover cando as actividades programadas o requiran, estamos a pensar en mobiliario que axude e que non que sexa un estorbo.



Seguimos intentando mellorar a colocación dos exemplares e buscando solución para que



sempre encontremos o libro no seu sitio., para isto seguimos a confeccionar materiais como os sinaladores alfabéticos, os carteis de seccións, etc.



✚ Aplicación Informática: Meiga.

Normalmente levamos a cabo tarefas de adestramento na utilización do aplicación Meiga de administración da biblioteca, tanto para o profesorado como para o alumnado voluntario que colabora no desenvolvemento das actividades e na xestión da biblioteca.

Este ano esta actividade estivo un pouco apartada pero será retomada o curso vindeiro esperando que a participación e voluntariado por parte do alumnado non sexa menor con respecto aos anos anteriores, onde a ilusión e a motivación eran palpables. Tamén se farán unha sesión de alfabetización para a busca e colocación. Normalmente facémolo mediante xogos como "A busca do tesouro".

Tamén dicir que na nosa biblioteca os voluntarios e voluntarias levan posta unha chapa de identificación para que os usuarios/as saiban a quen acudir para pedir axuda ou asesoramento.





O curso anterior non quedaron fondos pendentes para a súa catalogación. A encargada estivo

ata o 11 de xullo deixando listo todos aqueles fondos que faltaban por incluír no Meiga. Tamén se incorporaron novos libros ao catálogo procedentes de premios, doazóns, agasallos ou novas adquisicións por parte do centro, así como cambio nas etiquetas desgastadas do uso.

\*Aquí unha mostra de exemplares que se mercaron este curso e que xa foron catalogados:

• AQUÍ EXPOÑEMOS AS NOVIDADES ATA PASALAS AO INTERIOR DA BIBLIOTECA

- **É Tempo de Entroido**
- **Ata 10**
- **Teño Medo**
- **Mar de Mazá**
- **A que Cheiran as Cores?**
- **Babau**
- **Lingua Guapa**
- **O Dragón que non Botaba Lume**
- **Akna**
- **Restaurante Farruco**
- ...



Alumnado de 3º EP gozando dalgunhas das novidades.

✚ Este curso, dada a situación, decidimos facer fincapé no "Itinerario lector",



ampliando títulos novos que se decidiron por niveis, sendo elixidos polo alumnado dos diferentes cursos e, por outra banda expurgando aqueles que consideramos quedaron desfasados. Algúns dos títulos adquiridos son:



### 3.2. FORMACIÓN DE USUARIOS E USUARIAS.

Como cada curso académico o equipo de biblioteca actualizou a Guía Informativa sobre o funcionamento da biblioteca, este ano moi ligada ás normas Covid adoptadas e decididas seguindo o protocolo. Este documento estivo a disposición dos/as usuarios/as na propia biblioteca, xa que nel están recollidos os pasos e as normas a seguir para realizar un uso correcto dos servizos que alí se prestan. Tamén se reparte un exemplar da guía a cada membro do Claustro.

Neste curso 2020-2021 non se fixo, coma en anos anteriores, a oferta de formación ao alumnado de 4º, 5º, e 6º onde dábamos a posibilidade de formar parte activa biblioteca escolar xa que as normas e restrición debidas a situación de pandemia que estamos a sufrir non o permitiron, pero si damos conta aquí que seguiremos a facelo o vindeiro curso onde dito alumnado poderá retomar as súas funcións e colaborar de forma voluntaria nos recreos axudando e aportando o seu bo facer na nosa biblioteca como viña sucedendo. No mes de setembro, Multileo, a mascota da nosa biblioteca, escribiu unha carta ao alumnado deses niveis dando a coñecer as novidades que se presentaban no curso e as novas normas e responsabilidades que se tiñan que adoptar no espazo da biblioteca escolar, para poder gozar de xeito diferente no proxecto da biblioteca,

convidándoos a formar parte directa del, expresándolles a importancia de ler, explicándolles que este ano non contariamos con colaboradores/as, pero que esperamos contar con eles/as o próximo curso ¡cando xa poderán desenrolar tarefas e deixar constancia do compromiso que adquirirán: buscar, colocar, CDU, códigos, cores,...

### 3.3. EDUCACIÓN PARA A COMPETENCIA EN INFORMACIÓN.

O desenvolvemento das tecnoloxías da Información e da comunicación (TIC), especialmente coa chegada de Internet, traen como consecuencia pasar dunha época na que a información era escasa, custosa e de difícil acceso a outra na que é abundante, fácil de acceder e en moitos casos gratuíta.

Para os Centros Educativos isto significa, por unha parte, a oportunidade de acceder, a gran cantidade de recursos valiosos e por outro lado a necesidade urxente de ensinar ós estudantes a atopar esa información, avaliala de maneira crítica e usala efectivamente.

Para que os nenos e nenas poidan participar activamente no proceso construtivo de información-coñecemento- información é preciso que sexan competentes na procura, uso e avaliación da información posto que ó empregala de maneira axeitada constrúen os coñecementos de xeito eficaz.

O estudante deberá de procurar a adquisición dos seguintes obxectivos:

- Fomentar preguntas que expresen a necesidade de información e identificación que require indagar para resolvelas.
- Elaborar un plan que oriente a procura, o análise e a síntese.
- Identificar e localizar fontes de información axeitadas e fiables.
- Avaliar a calidade da información obtida para determinar si é axeitada para responder ás súas necesidades.

### 3.4. FOMENTO DA LECTURA.

Este curso 2020-2021 os que traballamos por e para a biblioteca escolar seguimos a reflexionar sobre a lectura como pilar básico de formación, e somos moi conscientes da importancia que posúe a lectura no alumnado. Tamén recoñecemos que debemos ter ferramentas e estratexias para acercarlle dun xeito eficaz e niso estamos á hora de presentarlles e propoñerlles actividades extras e complementarias , así como ofrecerlles lecturas atractivas e variadas , en distintos soportes e formatos, para atraelos cara a este espazo do mundo da lectura. As actividades que

se desenvolveron ao longo deste ano descríbense no anexo I “Descrición das Actividades Educativas Desenvolvidas desde a Biblioteca escolar Do CEIP Manuel fraga de Cariño”, sempre dirixidas a este fin.

#### **4. GRAO DE IMPLICACIÓN DO CENTRO E DA COMUNIDADE EDUCATIVA. USO QUE SE FAI DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**

Se ben é certo que por parte do alumnado realizase unha demanda para empregar máis a miúdo o espazo da biblioteca, esta utilización dependerá da dispoñibilidade de tempo por parte dos titores e demais mestres do centro.

Dende o Equipo de Biblioteca queremos deixar constancia da nosa satisfacción no traballo de colaboración realizado polos alumnos/as do noso colexio. E recalcar a importancia dunha correcta formación dos usuarios, permitindo que máis nenos/as poidan acudir como colaboradores xa que eles e elas así o demandan.

Con respecto o resto da comunidade educativa dar as grazas pola súa implicación e colaboración no proceso de desenvolvemento da biblioteca escolar, a súa dispoñibilidade nas diferentes actividades deseñadas dende o equipo de biblioteca e especialmente ós restantes equipos do centro pola axuda e colaboración prestada.

#### **5.GRAO DE INTEGRACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA NOS PROCESOS DE ENSINO E APRENDIZAXE DAS DIVERSAS ÁREAS DO CURRÍCULO.**

A biblioteca escolar ten un papel esencial como centro de recursos para a ensinanza e o aprendizaxe converténdose nun servizo activo no centro . Constitúe un espazo para a lectura e a provisión de recursos de información, para a posta en marcha de programas e proxectos, para a xeración de redes entre familias, alumnado e profesorado , como pode ser a través das mochilas viaxeiras, maleta viaxeira, etc, e para o apoio e reforzo das diferentes áreas do currículo. En definitiva, un lugar de encontro aberto á comunidade educativa que permite o desenrolo de competencias e o acceso á cultura desde diversos prismas.

A biblioteca dispón de fondos diversos (enciclopedias, dicionarios, libros de consulta, libros de literatura infantil e xuvenil, revistas, xornais, DVD, CD...), crebacabezas, xadrez, parchís, catro en raia, un globo terráqueo interactivo, dous ordenadores de sobremesa (un de xestión e outro para uso do alumnado) , unha grúa, xogos de imáns, xogos de construción ,outro de canicas corredoras, electrocefa e tres tabletas ... etc



O emprego dos recursos que a biblioteca nos ofrece incide positivamente no proceso de ensinanza- aprendizaxe. Xera curiosidade, esperta intereses, mellora o proceso de lectoescritura nuns casos, e noutros produce goce e diversión.

Queremos deixar constancia de que todos estes recursos poden ser empregados durante o recreo polo alumnado ou cando acuda o profesor coa súa titoría, mais este curso as medidas non o permitiron durante o recreo, sino segundo caso, podendo facelo en calquera sesión sempre que sexa solicitada con antelación polo/a titor/a. E dicir, os/as mestres/as teñen a biblioteca á súa disposición en horario lectivo para levar ao seu grupo co fin de realizar tarefas diversas: lectura, traballo de investigación, procura de información ..., a única condición é realizar a reserva na folla que para este fin está colocada na porta da propia biblioteca. Este ano foron tres sesións , pero esperamos completalas a cinco como viña sendo antes da pandemia.

O alumnado de Educación Infantil acude todos os venres á biblioteca e cada neno selecciona un conto para levar á casa que traen de volta o luns seguinte nunhas mochilas dedicadas a tal fin.

No momento de comprar materiais, o equipo de biblioteca procura ter en conta, sobre todo, a opinión vertida polo alumnado no sobre do correo de suxestións así como as recomendacións e propostas do profesorado do centro, de compañeiros doutros centros e as súas experiencias, así como a opinión de persoas ligadas á cultura e que están en relación directa co mundo da literatura e das artes.

## **6. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN NO ÁMBITO DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**

A coordinadora da biblioteca:

- Asistiu aos Encontros Plan De Mellora De Bibliotecas Escolares 2020/2021 que se celebraron online no mes de abril
- Participou na actividade de formación do profesorado: Proxecto Meiga, Xestión Informatizada da Biblioteca Escolar. V15
- Recibiu a visita e asesoramento por parte da asesora de Bibliotecas escolares da zona. Téñense en conta as suxestión e aportación feitas por parte desta persoa. O acercamento ao centro é e moi de agradecer, enténdese todo mellor e anima a seguir loitando por este espazo tan amable e enriquecedor.

## **7. PRODUCCIÓN DE MATERIAIS.**

Nesta memoria deixamos constancia da elaboración dos distintos materiais que viñamos facendo

nos últimos anos, mais hai que dicir que, este curso, algúns deixáronse aparcados ata que as condicións da Covid-19 o permitan. Estes materiais son:

- Follas mensuais de reserva par o uso da biblioteca.
- Quendas semanais de bibliotecarios.
- Comunicados para o claustro e o alumnado.
- “Sabías que...?” É un material que se expón semanalmente xunto aos nomes dos encargados / voluntarios que atenderán no recreo aos usuarios de biblioteca. Este material repártese tamén polas clases e pretende que a nosa mascota “Multileo” fomente a curiosidade no alumnado dando información sobre curiosidades actuais ou do pasado relacionadas coa semana que comeza.
- Contidos para o sitio web do colexio e o blog da biblioteca, bastante abandonados por falta de tempo de dedicación á labor da biblioteca por parte dos membro da mesma. Esperamos ter maior apoio por parte da administración para así poñernos ao día con moitos dos temas que temos pendentes, e sobre todo co noso blog. Esta é unha actividade na que queremos afondar e dedicarlle o tempo que se merece posto que é unha magoa non ensinar os moitos traballos que parten da biblioteca e que quedan esquecidos por non subilos. Está na nosa intención poder actualizalo do xeito que se merece o noso traballo de biblioteca.
- Carteis de animación a lectura para colocar por todo o colexio.
- Carteis para animar ao alumnado e profesorado para que acodan á biblioteca.
- Produción do alumnado en formato papel e dixitais . Descríbense no anexo I ( actividades desenvolvidas) .
- Guía sobre o funcionamento da biblioteca e o relativo Meiga. Vídeo.
- Enquisas de avaliación das que queremos deixar constancia nesta memoria, simplemente para ver como as facemos e como representamos os resultados. Queremos volver a retomar este punto da avaliación porque nos parece moi interesante e axúdanos a seguir mellorando.
- Aportación a traballos propostos por outros equipos docentes.

(Unha relación máis detallada da produción de materiais aparece no anexo I ).

## 8. AVALIACIÓN.

A avaliación do proxecto ten carácter continuo. Avaliamos todas e cada unha das actividades que se realizan así como o desenvolvemento do uso e funcionamento desta diariamente. Serve para sacar conclusión e posteriormente levar a cabo accións que nos fagan ir mellorando aspectos que o precisen e ao mesmo tempo satisfacer necesidades, gustos e prioridades dos usuarios da nosa biblioteca.

Como instrumentos de avaliación empregamos principalmente a observación directa, o resultado final das actividades, fondos catalogados, nº de préstamos, visitas a biblioteca, comentarios vertidos por parte dos alumnos e do profesorado,... . En definitiva buscamos indicadores que debamos ter en conta par seguir mellorando.




- Na portada da nosa biblioteca temos uns sobres onde, de xeito anónimo, tanto alumnado como profesorado pode deixar as súas suxestións. Deste xeito, o equipo toma nota das necesidades, carencias, cousas mal xestionadas, e t c que poden existir na biblio. Opinións moi estimadas.

Como xa dixen este curso non pasamos as enquisas, pero deixamos constancia dela porque nos parece moi interesante e queremos continuar con elas o próximo curso, se a situación nos permite volver a o uso da nosa biblioteca como estabamos acostumbrados a facer. A enquisa de avaliación pasámoslla tanto ao alumnado como ao profesorado para coñecer de maneira totalmente anónima as súas opinións. Normalmente facémolas a través dos formularios de Google.

## 8.1. Alumnado.

Aquí deixamos os resultados da última enquisa realizada ao alumnado sobre o funcionamento da biblioteca.


Gústache ir á biblioteca?




Con que frecuencia visitas a biblioteca?




Que opinas do traballo das nenas e nenos que colaboran coa biblioteca nos recreos?



Que opinas da "hora de lectura" ?




Cal das actividades propostas foi a que máis che gustou?




## 8.2 Profesorado

Resultados da última enquisa pasada ao profesorado sobre o funcionamento da biblioteca.


Vas á biblioteca habitualmente co teu alumnado?




Como valoras o funcionamento da biblioteca?



Que opinas destas iniciativas da biblioteca?



Que aspectos melloraría da nosa biblioteca escolar?





## 9. PROPOSTAS DE MELLORA

Consideramos prioritario para o próximo curso continuar co acondicionamento do novo espazo da biblioteca, coa dotación de mobiliario adecuada á idade das persoas usuarias. Tamén sería necesario continuar coa renovación e actualización do equipamento informático usado polo alumnado ( portátiles e máis tabletas ) aumentando o seu número para continuar coa iniciativa do préstamo dos equipos dixitais durante os recreos ou para as aulas.

Tamén recomendamos explorar novas iniciativas para o fomento da lectura como pode ser a creación cooperativa de recursos en formato dixital para publicar e compartir na rede Internet. Atendendo ás peticións do profesorado, sería necesario elaborar un boletín (dixital) para comunicar periodicamente as novidades ou propostas que xurdan desde a biblioteca: adquisición de fondos, propostas de actividades, asesoría ao profesorado, etc.

Para un óptimo funcionamento da biblioteca debería aumentarse a presenza de titores e titoras no equipo de apoio. Así como máis horario de biblioteca para a coordinadora e o equipo de apoio. Outra iniciativa que sería conveniente poñer en práctica é o deseño de proxectos documentais integrados que utilicen os recursos da biblioteca como a base para desenvolver estratexias de cooperación na procura, análise e produción de información.

## 10. ANEXO I: DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES EDUCATIVAS DA BIBLIOTECA

### 10.1. DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Todos os anos colgamos o cartel dedicado a felicitar a nosa biblioteca e que serve para recordar que se acerca ese día tan importante para as persoas que gozamos cos libros e con todo o relacionado coa biblioteca escolar.

Durante este día realizamos diversas actividades:

1. Cando os carnés do novo alumnado de 3 anos

xa están preparados o alumnado voluntario e colaborador da biblioteca serven de padriños e madriñas , sendo así os que os irán buscar a súa clase e os levarán a

biblioteca. Unha vez alí, os/as pequerechos/as escollen un conto e os maiores lenllo.

Actividade ca que gozan grandes e pequenos pero que este ano non se puido levar a cabo, pero que sen dúbida continuaremos con ela. Despois fanlle unha entrega



simbólica dos seus novos carnes e explícanlles para que serven.




FOTOS DE ARQUIVO, ESTE ANO NON SE PUIDO LEVAR A CABO

2. Outras das actividades que se fan todos os anos durante esa semana é a do "concurso de marcadores" conxuntamente coa biblioteca municipal, a cal nos propón o concurso de debuxo no que participa todo o alumnado, dende EI ata 6º de EP. O equipo da biblioteca do Concello é quen exerce de xurado para elixir aos gañadores e gañadoras. Son eles tamén os que plastifican os traballos gañadores e o día das bibliotecas entrégaselle un marcador a cada neno/a, así como tamén aos membros do claustro. Nós, o equipo da biblio do cole enmarcamos os traballos finalistas e os gañadores e entregámosllos nese formato como premio.



3. Nesta semana de outubro, e tamén en colaboración ca Biblioteca Municipal acudimos ao auditorio, onde asistimos a unha obra teatral "Un día sen rirse é un día perdido" de Moc Moc. Por protocolo xo podemos acudir un nivel. Pasámolo moi ben.



## 10.2. SEMANA DE EXALTACIÓN DA MAZÁ DE CARIÑO.

Todos os anos en colaboración coa ANPA celebramos unha semana dedicada a exaltación da mazá. Nos aportamos os materiais que podan ser de interese para este tema e facemos unha pequena exposición de libros e contos que teñan como protagonista a mazá, dende libros de receitas, de poesía dedicada a este froito, de arte como os de René Magritte para nenos/as que temos na nosa biblioteca, etc. Deste xeito o alumnado gozar destes libros que as veces pasan desapercibidos para eles.



**FOTO DE ARQUIVO.**

**ESTE ANO TAMPOUCO SE PUIDO FACER ESTA ACTIVIDADE PERO QUEREMOS DEIXAR CONSTANCIA DE QUE A RETOMAREMOS O PRÓXIMO CURSO.**

## 10.3. SEMANA DA CIENCIA NO LABORATORIO.

Outra semana moi interesante para aprender en vivo e en directo e tamén a través dos libros é a Semana da Ciencia que se celebra, como non podía ser de outro xeito, no laboratorio do cole onde se colocan diferentes stands para que o alumnado os vaia percorrendo e facendo as



propostas que hai. Nós, como biblioteca, aportamos unha sección onde os/as menos/as poden contactar coa ciencia a través de libros e algúns xogos interactivos relacionados coa ciencia. Titulámolo "O encontro coa ciencia nos libros". Eliximos exemplares moi didácticos, atractivos e amenos de onde poden aprender a facer máis ciencia.



#### 10.4. DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Como todos os anos celebramos o día de Rosalía o 24 de febreiro, e nesta ocasión o equipo de biblioteca decidiu enfocalo de xeito que se traballasen diferentes temas de Rosalía a través das emocións e da arte con técnicas mixtas. Desde a biblioteca fixemos chegar ás diferentes temas que nos gustaría que se tratasen. Os temas que se decidiron foron os seguintes:

El- A nena Rosalía



1º e 2º de EP- Rosalía e a natureza

3º EP- Rosalía e o mar.

4º EP- Rosalía feminista


5º EP- Rosalía en Compostela

6º EP-O amor a Galicia en Rosalía



## 10.5. SEMANA DA PRENSA

A Semana da Prensa, este ano, foi unha continuación da proposta feita o curso anterior, dado que xusto cando nas aula estábese a presentar a actividade decretouse o estado de alarma, e non puidemos avanzar. Dito o cal, a actividade titulámola “**As 12 lentes dunha mesma noticia**” e propuxemos o seguinte: partindo dunha imaxe manipulada (aparecía un animal prehistórico xunto a uns golfinhos no peirao de Cariño, o noso pobo), e o alumnado das doce aulas tiñan que redactar unha noticia e escribir un titular . Os resultados foron magníficos e diferentes, dignos de ser lidos por todos/as, polo que a segunda parte da actividade foi publicar os escritos no nosa revista escolar para que se puidese levar a todas as aulas. Gustaríanos que cada clase houbera presentado ao resto a súa noticia, mais non foi posible por protocolo.



## 10.6. SEMANA DO LIBRO.

Como ven sendo habitual no noso centro un ano máis dedicamos una semana enteira a celebrar o 23 de abril “Día do Libro e dos dereitos de autor”, recalcando a súa importancia e intentando darlle o pulo necesario.

Realizamos dúas actividade conxuntas:

- “QUE É UN LIBRO PARA TI? ESCRIBE-EXPRESA-DEBUXA”. Construímos un muro entre todos/as partindo de aportación individuais. Repartíronse polas clases una especie de ladrillos onde o alumnado tivo que expresar por medio da palabra e por







MURAL XIGANTE EXPOSTO NA  
ENTRADA DO COLE RESULTADO DUNHA  
“CHUVÍA DE IDEAS”

COMO TEMA “A LECTURA” ONDE  
APARARECERON PALABRAS COMO  
“IMAXINACIÓN”, “ILUSIÓN”,  
“FANTASÍA”, “CREATIVIDADE”,  
“POESÍA”, “ESCRITOR/A”, “TERROR”,  
“AVENTURA”, “NOVELA” “CONTO”  
“FÁBULA”, “LER” “ESCRIBIR”  
“ESCOITAR” ... E MOITAS MÁIS.

#### 10.7. “MOCHILAS VIAXEIRAS” E “MALETA VIAXEIRA”

Son dúas actividades que se realizan durante todo o curso , dedicadas a diferentes niveis educativos, e aínda que non se empregaron este curso quermos deixar constancia da actividade porque continuaremos con ela e porque consideramos que están funcionando moi ben.

- “A Mochilas Viaxeiras” están dedicadas a EI e ao 1º ciclo de EP. Estas mochilas inclúen materiais para menos e familiares e están destinados a compartilos en familia. Levan una especie de axenda onde as familias poder facer as súas observacións, suxestión, etc.







- “A Maleta Viaxeira” vai percorrendo distintos niveis do centro e vai cambiando de materiais segundo sexa o seu destinatario. Viaxa polas aulas e pode estar en cada curso durante dúas semanas aproximadamente. Está chea de materiais para satisfacer diferentes intereses e gustos, tanto para manipular, como de lectura e xogo. Este ano, polo problema dos posibles contaxio da Covid, tampouco se moveu da nosa biblioteca. Foi outra das actividades que gusta aos nenos e nenas, pero que non podemos darlle cabida neste curso escolar.




## 10.8. . XORNAL ESCOLAR.

No noso colexio fanse dúas entregas do Espigonciño (a nosa revista escolar) ao longo do ano. Unha destas aportacións é antes do Nadal e outra co motivo da celebración das Letras Galegas. A biblioteca publica temas relacionados coa mesma, así como sempre se encarga de dotar fondos relacionados cos autores/as galegos/as que son homenaxeados/as. Este curso os temas das aportación foron os seguintes:

- No Nadal fíxose una publicación dedicada as familias explicando a importancia da lectura e como afectaba ao o desenrolo dos seu fillos nas deferentes áreas: cognitiva, afectiva social, ,...Invitando así aos proxenitores a esforzarse por motivalos de xeito positivo e entretendo, sen presións, despertando así as súas múltiples capacidades e potencialidades para que así descubran que un libro é un mundo, que o goce e a satisfacción esta aí. En fin para que se unan ao que nós pretendemos, que na lectura non hai límites posibles.



- Na tirada das Letras Galegas a aportación ao Espigonciño foi un resumo dalgunhas actividades levadas a cabo durante o curso, deste xeito tamén divulgamos e facemos un pouco máis visible o traballo realizado desde e por a biblioteca.




### 10.9. ESPAZO WEB DA BIBLIOTECA.

Dentro do sitio web oficial do colexio ( <http://edu.xunta.es/centros/ceipmanuelfraga> ) temos habilitado un espazo para a publicación de informacións relacionadas co funcionamento da biblioteca. Este espazo ten tamén o obxectivo de ser a canle de comunicación coa comunidade escolar , e trasladar as familias as iniciativas que desenvolvemos desde a biblioteca.



### 10.10. LUDOTECA “APRENDO XOGANDO”

A ludoteca : “Aprendo xogando” é un espazo creado dentro da nosa biblioteca para ofrecer materiais diferentes onde tamén os nenos e nenas podan argallar, manipular materiais, compartir xogos de mesa, grúa teledirixida, ...durante os recreos ou cando oas titores/as os leven alí. Estamos intentando dotar e renovar material para este espazo dao que resulta moi atractivo para os usuarios /as alumnado ten a súa disposición xogos de taboleiro, crebacabezas , e outro material lúdico.



#### 10.11. PRÉSTAMO DE DISPOSITIVOS DIXITAIS.

Desde hai oito anos a biblioteca ofrece ao alumnado e profesorado o préstamo de dispositivos dixitais ( no inicio foron ordenadores portátiles aos que se sumaron tabletas ).

Estes equipos poden prestarse ao profesorado para o uso dos nenos e nenas utilizarse durante os recreos na biblioteca. Temos como proxecto crear un espazo para poder utilizar estes dispositivos, para non ter que andar poñendo e recollendo cada vez que soliciten utilízalos. Queremos facer visibles e accesibles ao máximo posible todos os materiais dos que dispoñemos para ser usados.







## 10.12. OUTRAS ACTIVIDADES

- DÍA DA PAZ "WANGARI MATHAI".

O alumnado de 4º de EP elaborou un mural xigante baseado na biografía desta grande muller, a que recordamos e admiramos a través de coñecer a súa vida, as súas inxenuidades, as súas dificultades,... Todo o aprendemos a través de varios libros da nosa biblioteca.



- Outra data para celebrar na que a biblioteca estivo aí, foi o "8 DE MARZO". O alumnado de 4º de EP encontrou unha fonte de información sobre mulleres que aportaron algo a humanidade no libro "Las chicas son guerreras". Comprendemos que houbo, hai e haberá mulleres moi interesantes. As que aparecen no libro deixaron un legado na sociedade inesquecible. Amósase a capacidade loitadora da muller. Fíxose un traballo cooperativo onde cada alumno/a estudou o traballo dunha das mulleres, deullo a coñecer aos demais par logo aportar no mural.



## 11. CONCLUSIÓNS

Quérese partir dun análise cualitativo no que destaque a implicación da comunidade educativa e en poder continuar proxectos emprendidos. Sabemos que debemos centrarnos nas carencias , avances e perspectivas.

Como carencia importantísima mencionar a escasa dotación horaria. Instamos a que se considere a tratar por lei esa liberación horaria lectiva das persoas encargadas de desenvolver o traballo desempeñado. Se se deixa a criterio de demanda de horarios como se vén facendo, a lo menos no noso centro, sempre nos atoparemos con falta de disposición horaria. Por iso, vemos a necesidade dun marco normativo que regule este función para así poder desenrolar un traballo ben feito onde a formación pedagóxica do equipo da nosa biblioteca se forme e fagamos real un proxecto de traballo conxunto, onde haxa unha maior difusión das actividades da biblioteca e a máxima implicación do equipo directivo. Dar a importancia debida a dotación de recursos humanos no centro.

Pensamos que se conseguimos minguar as carencias detectadas gozaríamos de :

- Conseguir poder implicarnos máis na elaboración de proxectos documentais e proxectos de traballo aula-biblioteca.
- Afondar máis na participación do equipo docente na configuración do itinerario de lectura.
- Reivindicar a importancia da biblioteca e diminuír as carencias detectadas.
- Integrar co máis rigor o uso e aplicación de ferramentas web, recoñecendo así a súa importancia e creando contidos, implicando e atraendo ao profesorado relacionado coas novas tecnoloxías.
- Darlle máis vida a biblioteca en horario extraescolar e seguir buscando máis apertura e diferentes canles de información.

En definitiva, a biblioteca é un espazo vivo en continuo movemento, no que se precisa ter unha dedicación de moitas horas semanais se se pretendo realizar un traballo ben feito e atendido como se merece. Non pode deixar de ser unha caixa onde os lectores e lectoras sexan sempre quen de sorprenderse, que estea ben atendida para tender lazos e unión.

O noso fin último é construír e asentar lectores, gustaríanos encontrar as claves para unha actuación axeitada intentando asentar aqueles puntos que sexan favorables e descartar os que non estorben no camiño.

**QUEREMOS SEGUIR SOÑANDO E NON PERDER A ESPERANZA PARA CONSEGUIR ...**

Un lugar onde aprendamos e soñemos xuntos

Construír un mundo mellor

Ser, saber e facer

A importancia de saber onde buscar

Un laboratorio de aprendizaxe

Aprender a investigar

Mobiliario novo, cómodo e adaptable

Valorar a calidade literaria ademais da estética

Seguir adquirindo novos fondos

Apoiar as necesidades do profesorado

Que os libros se poidan ver facilmente



Aprender a aprender

MEMORIA DA BIBLIOTECA ESCOLAR  
CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE"

CARIÑO.

CURSO 2020-2021

XUÑO DE 2021

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

